

B A N D O

DON JOSÉ A. EIRAS PAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que a Deputación Provincial en colaboración co Concello de Moraña convoca a concesión de prazas para participar no "**PROGRAMA DIURNO DE BALNEARIOS 2010**".

O desenvolvemento do Programa efectuarase en dous turnos cunha duración de cinco días da semana seguidos durante dúas horas cada día, voltando á súa casa ó final da actividade. Un autobús recollerá as persoas no Concello trasladándoas ó balneario escollido:

- * **MOAÑA THALASO SPA.: Custo Usuario 26€**
- * **THALASO SANXENXO: Custo Usuario 30 €**
- * **THALASO ATLÁNTICO OIA: Custo Usuario 28 €**
- * **BALNEARIO DE CUNTIS: Custo Usuario: 36€**
- * **BALNEARIO ILLA DA TOXA: Custo Usuario:34 €**
- * **BALNEARIO MONDARIZ:Custo Usuario: 32 €**

REQUISITOS:

- Persoas de 50 ou máis anos.
- Pensionistas.
- Situacións de respiro familiar.
- Non padecer enfermidade incompatible coa actividade do programa.
- Ter total autonomía para participar no mesmo.

As solicitudes, xunto coa documentación correspondente, poderán presentarse:

- **Entre o 6 e o 17 DE MAIO DE 2010** para a **campaña de primavera (aproximadamente nos meses de abril, maio e xuño) e entre o 2 e o 20 de XUÑO para a campaña de outono (aproximadamente nos meses de setembro, outubro e novembro).**

NOTA: Darase prioridade aos que nunca se beneficiaran deste programa.

Farase a selección segundo orde de recepción en caso de que o número de solicitudes supere as prazas ofertadas.

Non se admiten acompañantes que non cumpran os requisitos esixidos.

Non se admitirán a trámite solicitudes da 2ª campaña de usuarios que xa participaran na 1ª.

Para mais información poden dirixirse ó Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello, os días de atención ó público, luns, martes e xoves de 9 a 13 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Moraña, 4 de maio de 2010
O ALCALDE